

Obxectivos:

Nos últimos anos puxéronse en marcha unha serie de iniciativas a nivel europeo, nacional e autonómico para impulsar o desenvolvemento da Administración electrónica. Con elas preténdese aproveitar as innovacións que as tecnoloxías dixitais, na súa constante evolución, poden achegar para construír un modelo de administración máis transparente, sinxelo, eficaz e inclusivo, facilitando a interacción coa cidadanía, empresas e outras administracións.

Neste sentido, a formación do persoal empregado público en administración electrónica é esencial, pois permite a mellora das súas competencias dixitais e a asunción de novos procedementos de traballo, o que contribúe, en gran medida, a conseguir unha administración máis eficaz, eficiente, próxima, transparente e accesible.

O Curso superior de Administración electrónica pretende afondar nos aspectos máis importantes da Administración electrónica desde unha tripla perspectiva, xurídica, técnica e práctica. Deste xeito, poden destacarse como principais obxectivos do curso os seguintes:

- Concienciar o alumnado sobre a importancia que ten a implantación da Administración electrónica nas distintas administracións da nosa comunidade.
- Proporcionar coñecementos teóricos e prácticos de informática e do réxime xurídico da administración dixital.

Convocatoria:

DOG núm. 111, do 13 de xuño de 2023.

Lugar de desenvolvemento das sesións presenciais:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).

Rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal Web: <https://egap.xunta.gal>

EGAP

ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

CURSO SUPERIOR DE **ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA**

Santiago de Compostela,
do 12 de setembro ao 24 de outubro de 2023



Martes, 12 de setembro

- 11:00-11:15 **INAUGURACIÓN.**
- 11:15-14:00 **Relatorio maxistral: *Presente e futuro da Administración electrónica.***
Miguel Ángel Amutio. Colexiado de Honra do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG).
- 16:00-19:00 **Réxime xurídico dunha Administración dixital.**
José Ángel Oreiro Romar. Secretario xeral do Consello Consultivo de Galicia.

Martes, 19 de setembro

- 11:00-13:00 **Sede electrónica e carpeta cidadá.**
Isabel Pillado Quintáns. Xefa do Departamento de Interoperabilidade e Servizos Dixitais da Amtega.
- 13:00-14:00 **Sistema único de rexistro. Canles electrónicas e presenciais.**
Isabel Pillado Quintáns.
- 16:00-17:00 **Sistema único de rexistro. Canles electrónicas e presenciais.**
Isabel Pillado Quintáns.
- 17:00-19:00 **Interoperabilidade de datos e documentos.**
Hernán Ovidio Vila Pérez. Enxeñeiro en Informática do Departamento de Interoperabilidade e Servizos Dixitais da Amtega.

Martes, 26 de setembro

- 11:00-13:00 **Identidade dixital: identificación e sinaturas dixitais.**
Víctor Salgado Seguí. Socio-Director P&S Abogados.
- 13:00-14:00 **A notificación electrónica.**
Marcos Ferrer Canedo. Responsable proxectos Sector Público en NTT Data.
- 16:00-17:00 **A notificación electrónica.**
Marcos Ferrer Canedo.
- 17:00-19:00 **Seguridade da Información. Impacto do Regulamento xeral de protección de datos.**
Gustavo Herva Iglesias. Xefe da Subárea de Seguridade da Amtega.

Martes, 3 de outubro

- 11:00-14:00 **GovTech. Transformación e innovación para novos servizos públicos. Automatización de procesos.**
Miguel Ángel Domínguez. Presidente de Alastria e CEO de Add4U.
- 16:00-19:00 **Cooperación interadministrativa. Coordinación no desenvolvemento da Administración electrónica. Iniciativas no marco europeo. Visión dende outras administracións.**
Carmen García Álvarez. Especialista en Innovación Administrativa e Transformación Dixital na Dirección Xeral de Estratexia Dixital e Intelixencia Artificial do Principado de Asturias.

Martes, 10 de outubro

- 11:00-14:00 **Arquivo electrónico, documento electrónico e copia.**
Gabriel Quiroga Barro. Xefe de sección do Arquivo do Reino de Galicia.
- 16:00-17:30 **Licitación e factura electrónica.**
Elena Barba Pan. Secretaria da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa.
- 17:30-19:00 **Atención á cidadanía. Transparencia e reutilización.**
Enriqueta Vía Leira. Auditora da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.
María Belén Bermúdez Aller. Analista da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

A parte de teleformación do curso desenvolverase a través da aula virtual da EGAP: <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>

E o **exame final** será en liña, a través da aula virtual, o día **24 de outubro**.

Dirección académica:

Fernando Suárez Lorenzo.

Presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG).

NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación. As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola: <https://egap.xunta.gal/>